



EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 26 de marzo de 2018

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

SECRETARIA ACCIDENTAL

DONA MARIA ROSARIO GONZALEZ PACIOS

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 26 de marzo de 2018 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 19/03/2018, que se aprobou por unanimidade.

Propuestas

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2018/1308

Dáse conta do escrito presentado por Dona Begoña Cerqueiro García, en representación de **Asociación Parkinson Provincia de Pontevedra**, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia o día 14 de abril, así como a acesión de unha carpa, co fin de levar a cabo unha mesa informativa.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.



PRP2018/1310

Dáse conta do escrito presentado por **Dona Raquel Argibay Raposo** solicitando a colocación de sinalización na Rúa Do Picho, Rubiáns.

Visto o informe da Policía Local no que se indica que non hai sinalización que informe aos condutores de que a Rúa non ten saída e tampouco hai espazos axeitados para cambiar o sentido da marcha, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda a colocar un sinal S-15, na confluencia das Rúas Soutelo coa Rúa do Picho.

Dar conta ao Servizo de Sinalización (Mario Vázquez).

PRP2018/1311

Dáse conta do escrito presentado por **Dona María Pérez Álvarez** solicitando que se sinalice a prohibición de estacionamento de vehículos fronte á fachada do edificio nº 15 da Rúa José Viqueira Barrio, dado que as beirarrúas existentes son estreitas (1 m.) o que dificulta o acceso ao mesmo.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que:

“Efectivamente na Rúa José Viqueira Barrio, ten unhas beirarrúas estreitas, que apenas chegan a 1 m., se ben a medida solicitada só é aconsellable cando hai un caso puntual relacionado con algunha persoa con problemas de mobilidade, e que necesite acceder á vivenda en cadeira de rodas ou outro tipo de aparellos asistentes de mobilidade, como xa se acordou en algún caso.

Adoptar a medida proposta sen darse as circunstancias, e unicamente atendendo ás dimensións das beirarrúas e ós posibles inconvenientes que poidan ocorrer nun momento puntual, levaría aparellada á desaparición de moitas prazas de estacionamento nalgúns barrios deste Concello, como A Xunqueira, O Piñeiriño, Os Duráns, etc., zonas nas que maioritariamente as beirarrúas son estreitas.

Como norma xeral esta é unha cuestión de planeamento urbanístico, e do estudo de ampliar as beirarrúas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora, e que se dea conta do presente acordo á Sra. Pérez Álvarez.

PRP2018/1312

Dáse conta do escrito presentado por **D. Manuel Crespo Serial** solicitando se estude unha solución para mellorar a visibilidade na Rúa Nogueira, no tramo curvo fronte ao nº 28.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á colocación dun espello co fin de mellorar a seguridade na circulación, xa que o tramo ten a visibilidade restrinxida polas edificacións e trazado da vía.

Dar conta ao Servizo de Sinalización (Mario Vázquez).

PRP2018/1313

Dáse conta do escrito presentado por **D. Manuel Crespo Sobral** solicitando que se habiliten máis prazas de estacionamento para motocicletas nas rúas do centro da cidade.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que efectivamente é insuficiente o espazo destinado a estacionamento de motocicletas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar ao Sr. Crespo Sobral que se estudará a súa demanda.



PRP2018/1316

Dáse conta do escrito presentado por **D. Gaspar Antonio González Somoza**, en representación de “Por unha Marea na Vila”, solicitando a reparación de deficiencias no Paseo da Praia de Compostela e solicitando que polo Goberno Municipal se revisen as obras que se están levando a cabo co fin de subsanar as deficiencias en accesibilidade.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que xa se mantiveron conversas co Servizo Provincial de Costas para que procedan a corrixir calquera problema de accesibilidade que se poida presentar nas obras citadas.

PRP2018/1319

Dáse conta de publicación do DOG de data 20 de marzo de 2018 de Resolución de Augas de Galicia, do 12 de marzo de 2018 pola que se fai pública a encomenda de xestión de execución da obra de acondicionamento hidráulico dun afluente do Río Con na Rúa Florida. Separata II. Vilagarcía de Arousa (Pontevedra).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/1320

Dáse conta do escrito presentado por **Dona Africa Iglesias Muñoz**, en nome propio e en representación de outros veciños da Parroquia de Cornazo, solicitando o cambio da rede de abastecemento de auga na zona da Parroquia de Cornazo afectada polas constantes e duradeiras roturas da mesma.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que se está estudando coa Empresa concesionaria do Servizo de abastecemento de auga, Espina & Delfín SL, as medidas a adoptar.

PRP2018/1323

Dáse conta do escrito remitido pola Valedora do Pobo de Galicia en relación coa queixa presentada por D. Daniel Mella Villar e solicitando información sobre as actuacións previstas para acometer a obra de asfaltado requirida polo Sr. Mella Villar.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle a Valedora do Pobo que se procederá ao asfaltado da Rúa do Acevo cando exista posibilidade orzamentaria para a realización das obras.

PRP2018/1400

Vista a proposta do Presidente da Fundación de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda deixar sen efecto o acordo de Xunta de Goberno Local de data 5 de febreiro de 2018 de aprobación de solicitude de subvención á Deputación Provincial de Pontevedra, conforme ás bases reguladoras da “CONVOCATORIA DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2018-2019”, publicadas no BOP, o día 03-01-2018, con cargo á Liña 2: Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes para o Proxecto e, solicitude de subvención por importe de 6.000,00€:

-Gasto corrente novo: enerxía eléctrica das instalacións deportivas municipais, cun orzamento total de 12.000,00€.

A Xunta de Goberno Local acorda deixar sen efecto o citado acordo.



ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Emprego

PRP2018/1340

Dáse conta do escrito presentado por Dona Rocio Louzán Blanco, como Presidenta do **Centro Comercial Aberto Zona Aberta**, solicitando a convocatoria da Mesa Local de Comercio.

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado e que se proceda a convocar a Mesa Local de Comercio para a data máis próxima que se consensue cos integrantes da mesma.

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Educación

PRP2018/1203

Dáse conta do escrito presentado por **D. Luciano Martínez de Las Heras** en relación cos problemas coa conectividade da wiffi e a reposición de equipos informáticos da Biblioteca Pública Municipal.

Dáse conta de informe da Directora da Biblioteca Municipal no que se indica que co fin de ofrecer un mellor servizo aos/ás usuarios/as, e tendo en conta que os ordenadores existentes teñen máis de 10 anos, sería necesario renovar a totalidade dos ordenadores de uso público, así como a mellora da xestión da wiffi.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar ao Sr. Martínez de las Heras que se tomarán medidas para solucionar o feito denunciado.

Dar conta ao Departamento de Informática.

ASUNTOS DE XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Normalización Lingüística

PRP2018/1345

Vista a proposta da Concellería de Cultura e Normalización Lingüística, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude de subvención á Deputación Provincial para a acción cultural: Festival do Estío con Apego, cun orzamento total de 16.822,99 €, ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria do do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019 – Liña 2, por un importe de 14.000 € (IVE incluído), aportando o Concello a cantidade non subvencionada, por un importe de 2.822,99 €, con cargo á partida 334.22637.

ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE

Muller e persoas maiores

PRP2018/1342

Dáse conta da Acta da Xuntanza do Xurado para a deliberación dos Premios da *V Maratón fotográfica pola Igualdade* e vista a proposta da Concellería Delegada da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obrigación a favor dos/as premiados/as, polo importe total de 600,00 € (200,00 €/cada un), con cargo á partida 2312.48100, coa seguinte desagregación:

- D. Fernando Rúa Gayo
- D. Fernando Rúa Gayo
- D. Marcos Escudeiro Vieites



ASUNTOS DE CULTURA

PRP2018/1347

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a realización dun Concerto a cargo do Grupo CLAXXON, o día 31 de marzo no Parque de A Xunqueira, con carácter gratuito para todo o público, así como a sinatura do contrato correspondente, a favor de **Logevent, SL**, autorizándolle para instalar de xeito gratuito o devandito día unha Barra-Bar para a súa explotación, e sendo a recadación derivada da mesma para a citada Empresa.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo do Concello cantos impostos, taxas, arbitrios, dereitos de autor, dereitos de interpretación, etc. que se devenguen como consecuencia da celebración do concerto.

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2018/1350

Dáse conta do expediente tramitado para a contratación a través da plataforma de Licitación Electrónica da Administración Local de Galicia, do contrato menor de servizos denominado "CT-12/2018-e "Valoración de inmobles (continente e contido) dos que é propietario ou titular dun dereito o Concello de Vilagarcía de Arousa", cun orzamento de licitación de 21.755,80 € (IVE incluído).

Dáse conta de que unha vez remitidas as invitacións á licitación e realizada a publicidade a través da plataforma de licitación electrónica da administración local de Galicia, presentáronse as seguintes ofertas:

1.- Asesora Asistencia Pericial SL que presenta unha oferta económica por importe de 17.800,00 € (IVE excluído), ao que corresponde un IVE (21%) de 3.378,00 €, dando un importe total (IVE incluído) de 21.538,00 €.

A Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa **Asesora Asistencia Pericial SL** que presenta unha oferta económica por un importe total (IVE incluído) de 21.538,00 €, con cargo á partida 920.22706, de conformidade coa oferta presentada.

PRP2018/1351

Dáse conta do expediente tramitado para a contratación a través da plataforma de Licitación Electrónica da Administración Local de Galicia, mediante procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria e documentación simplificada, para adxudicar o contrato de servizos denominado CT-97/2017-e "Redacción de proxecto básico e de execución (incluído estudo de seguridade e saúde) e Dirección de Obra Rehabilitación do piorno sito no Parque da Xunqueira (recuperación de equipamentos en desuso), cun orzamento de licitación de 21.659,00 € (IVE engadido), mediante división do seu obxecto en dous lotes: Lote Nº 1 Redacción do proxecto técnico básico e de execución (incluído estudo de seguridade e saúde): 14.078,35 € (IVE incluído) e Lote Nº 2 Dirección faclutativa da Obra: 7.580,65 € (IVE incluído).

Dáse conta dos licitadores presentados (Francisco Javier Vázquez Fernández, Javier Franco y Vicente Pintos Arquitectos SLP e Gerardo de Villanueva Ferrer), dos admitidos Francisco Javier Vázquez Fernández, Javier Franco y Vicente Pintos Arquitectos SLP e dos excluídos (Gerardo de Villanueva Ferrer) xa que na súa oferta non indicou o prezo afectado para cada lote.

Dado que na fase de negociación non se melloraron as ofertas inicialmente presentadas, as ofertas definitivas, son as seguintes:



Licitador	Oferta (exc. IVE)	IVE 21%	Oferta (IVE incluído)
Francisco Javier Vázquez Fernández	LOTE 1: 11.300,00 € LOTE 2: 6.000,00 €	LOTE 1: 2.373,00 € LOTE 2: 1.260,00 €	LOTE 1: 13.673,00 € LOTE 2: 7.260,00 €
LOTE 1 + LOTE 2	17.300,00 €	3.633,00 €	20.933,00 €

Licitador	Oferta (exc. IVE)	IVE 21%	Oferta (IVE incluído)
Javier Franco y Vicente Pintos Arquitectos SLP	LOTE 1: 11.500,00 € LOTE 2: 6.100,00 €	LOTE 1: 2.415,00 € LOTE 2: 1.281,00 €	LOTE 1: 13.915,00 € LOTE 2: 7.381,00 €
LOTE 1 + LOTE 2	17.600,00 €	3.696,00 €	21.296,00 €

Unha vez aplicados os criterios de valoración e adxudicación o resultado e o seguinte:

Lote 1: Redacción do Proxecto

Licitador	PUNTUACIÓN LOTE 1
Francisco JAVier Vázquez Fernández	100
Javier Franco y Vicente Pintos Arquitectos SLP	92,80

Lote 2: Dirección da obra

Licitador	PUNTUACIÓN LOTE 2
Francisco JAVier Vázquez Fernández	100
Javier Franco y Vicente Pintos Arquitectos SLP	39,67

A Xunta de Goberno Local vista a documentación obrante no expediente acorda adxudicar ambos lotes a **D. Francisco Javier Vázquez Fernández** polo prezo ofertado, con cargo á partida 150.640:

Licitador	Oferta (exc. IVE)	IVE 21%	Oferta (IVE incluído)
Francisco Javier Vázquez Fernández	LOTE 1: 11.300,00 € LOTE 2: 6.000,00 €	LOTE 1: 2.373,00 € LOTE 2: 1.260,00 €	LOTE 1: 13.673,00 € LOTE 2: 7.260,00 €
LOTE 1 + LOTE 2	17.300,00 €	3.633,00 €	20.933,00 €

PRP2018/1352

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de febreiro de 2018 de aprobación do anteproxecto denominado "Mellora do firme do Polígono Industrial de Trabanca Badiña", o enxeñeiro técnico don Óscar Álvarez González por importe de 85.692,28€ (IVE engadido) e solicitude á Consellería de Economía, Emprego e Industria, de axudas destinada á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais de Galicia, figurando no mesmo:

"Financiando o Concello o 20% restante (17.134,46€) con cargo á partida 453.210."

E debendo figurar:

Financiando o Concello o 20% restante (17.138,46€) con cargo á partida 453.210.

A Xunta de Goberno Local acorda corrixir o erro indicado e dar traslado do presente acordo á Consellería de Economía, Emprego e Industria para o seu coñecemento e efectos oportunos.

PRP2018/1353

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Aprobar a Memoria Valorada denominada "Servizo de mantemento de farolas, semáforos e sinais no Concello de Vilagarcía de Arousa", redactada polo Arquitecto Municipal D. Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, cun importe de licitación de 34.690,70 € (IVE incluído).

2. Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra o seu financiamento ao 100%, con cargo ao Plan Concellos 2018/2019, conforme ás bases publicadas no BOP nº 2, de data 3 de xaneiro de 2018.

PRP2018/1355



Dáse conta da proposta de Convenio entre o Concello e a Entidade PROMARSA para a cesión gratuíta temporal ao Concello de uso de finca de 1.378,00 m², situada en r/ Marxión nº 1 (Ref. catastral 9863018NH1196S0001MJ) para uso de aparcamento público, debendo o Concello levar a cabo o acondicionamento da parcela.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda a súa aprobación e sinatura do mesmo.

PRP2018/1356

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Aprobar a Memoria Valorada denominada “Instalación de parques caninos en Vilagarcía”, redactada polo Arquitecto Municipal D. Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, cun importe de licitación de 47.797,31€ (IVE incluído).
2. Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra o seu financiamento ao 100%, con cargo ao Plan Concellos 2018/2019, conforme ás bases publicadas no BOP nº 2, de data 3 de xaneiro de 2018.

ASUNTOS DE FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2018/1403

Acórdase o recoñecemento de obrigaón a favor dos seguintes Grupos Municipais, polo importe total de 7.500,00 €, correspondente á asignación económica a Grupos Municipais do 1 ao 28 de febreiro de 2018, de conformidade co establecido polo Pleno da Corporación Municipal de data 24 de setembro de 2015, con cargo á partida 912.489, coa seguinte desagregación:

- Grupo Municipal do PSdG-PSOE, por un importe total de 2.700,00 €
- Grupo Municipal do P.P., por un importe total de 2.400,00 €
- Grupo Municipal do EU-IU, por un importe total de 900,00 €€
- Grupo Municipal de BNG, por un importe total de 900,00 €
- Grupo de SOMOS MAIORIA, por un importe total de 600,00 €.

PRP2018/1404

Acórdase o recoñecemento de obrigaón a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencias ás sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 28 de febreiro de 2018, por un importe total de 5.720,00€ e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	Número Sesións	€/sesión	Total Euros
D. ARGIMIRO SERÉN MERA	7	110	770,00
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN	7	110	770,00
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ	7	110	770,00
DONA ROCIO A. LLOVO DEL RIO	3	110	330,00
DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO	3	110	330,00
D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ	3	110	330,00



D. ANGEL BENITO PÉREZ DORGAMBIDE	2	110	220,00
DONA SAGRARIO CASTRO VIDAL	3	110	330,00
D. MANUEL MÉNDEZ VARELA	2	110	220,00
D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ	3	110	330,00
DONA MARIA MOSQUERA LEAL	3	110	330,00
D. XAVIER RÍOS GONZÁLEZ	2	110	220,00
DONA LUCÍA CESAR VELOSO	3	110	330,00
D. GASPAR ANTONIO GONZÁLEZ SOMOZA	2	110	220,00
D. MIGUEL ALVES LAGO	2	110	220,00
TOTAL			5.720,00

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:50 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.